

RESOLUCIÓN REITORAL DO 17 DE XULLO DO 2012, POLA QUE SE CONCEDEN OS PREMIOS DO IX CERTAME DE FOTOGRAFÍA CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

De conformidade co establecido nas bases da Convocatoria do IX Certame de Fotografía Universidade de Vigo, e consonte a Acta do 12 de xullo, pola que se acorda a concesión destes premios,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

OUTORGAR os premios do IX Certame de Fotografía ós seguintes concursantes:

SERIE:

Primeiro Premio: 900€

Pablo Dapena de Favorecido: "OTRA VISIÓN"

FOTOGRAFÍA ÚNICA:

Primeiro Premio: 600€

Mercedes García Tenorio: "DANUBIO AZUL"

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó recibo desta notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo.

Así e todo, os interesados poderán optar por interpoñer contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común.

En Vigo a 17 de xullo de 2012

O REITOR

(Por Delegación R.R. 05-09-11)

O Vicerreitor de Extensión Universitaria,



José Henrique Costas González

DILIXENCIA: para facer constar que esta Resolución se publica con esta data no taboleiro de anuncios do Reitorado.

Vigo 18 de xullo do 2012.

A Xefa de Sección de Extensión Universitaria,

Ángeles Sobrino Mosteyrín